



## **ORDE DE AXUDAS COMEDOR ESCOLAR**

Queridas familias:

*Na ORDE publicada no DOG do 30 de marzo de 2020 establécense axudas para usuarios de comedor escolar xestionado pola Consellería, como compensación polo cese do servizo como consecuencia das medidas adoptadas pola pandemia do COVID-19.*

### **1. Quen pode ser beneficiario?**

- a) As familias de infantil ou primaria que durante o curso escolar teñen dereito a comedor gratuíto no comedor da Consellería.
- b) As familias de infantil ou primaria que durante o curso escolar pagan 1 € no comedor da Consellería.

Estas familias deben constar na relación de usuarios a 31/01/2020.

### **2. En que consiste a axuda?**

- a) Compensación de 2,50€ por día para os usuarios gratuítos.
- b) Compensación de 1,50€ por día para os usuarios pagadores de 1 €.

### **3. Que días compensa esta axuda?**

- a) Os primeiros 14 días naturais de suspensión que son 9 días lectivos.
- b) Os 15 días de prórroga que son 5 días lectivos.
- c) Eventualmente, para o caso dunha segunda prórroga, ata o 1 de maio.

### **4. Cal é o prazo?**

Prazo especial dende o día 31 de marzo o 6 de abril, ambos inclusive.

### **5. Como presentar a solicitude?**

Obrigatoriamente de forma electrónica:

- a) No formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia [https://sede.xunta.gal/portada?langId=es\\_ES](https://sede.xunta.gal/portada?langId=es_ES)



**b)** A través da Dirección do centro enviando un correo electrónico a [ceip.aponte.ourense@edu.xunta.es](mailto:ceip.aponte.ourense@edu.xunta.es) cos seguintes datos:

- Nome e DNI do pai/nai
- Tipo de pagamento: gratuidade total ou abono de 1€
- Nome do alumno/a:
- Número de conta bancaria na que desexa recibir o abono.

**c)** As familias que teñan dificultades para facelo por medios electrónicos, poderán facelo coa axuda do centro chamando aos seguinte **teléfono**:

- 988215833 (teléfono do centro)

HORARIO: 10 a 12:30h

Ter preparados os mesmos datos para aportar.

## **6. Cantas solicitudes deben facerse?**

Farase unha única solicitude por familia e incluírá a todos os fillos beneficiarios.

## **7. Onde se publicará a resolución das familias beneficiadas?**

NON se exporán públicamente na páxina web do centro nin as familias beneficiarias nin as cantidades concedidas.

Cada familia saberá si é beneficiaria polo ingreso na súa conta bancaria.

## **8. Canto tempo tarda en resolverse a resolución?**

10 días, desde que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

## **9. Canto tempo tarda a Xunta de Galicia en aboar o pagamento?**

5 días logo da resolución.

Atentamente,

A Directora

María del Carmen Rodríguez Rodríguez